

NOTA DE PRENSA

O Museo Casa da Troia reabre mañá sábado ata o domingo de Pascua

O seu padroado reúnese o luns para aprobar as contas e esbozar as actividades con motivo do centenario da novela homónima de Pérez Lugín, que se cumpre en 2015

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2014 (Vía Láctea Comunicación).- O Museo Casa da Troia abre de novo as súas portas ao público durante a Semana Santa. Poderá visitarse desde mañá sábado-12 ata o domingo-20 de abril: Polas mañás en horario de 11:00 a 14:00 horas e polas tardes de 16:00 a 20:00 horas. Só permanecerá pechado o luns, xa que os dous domingos abrirá mañá e tarde.

A súa web oficial <http://lacasadelatroya.org/> mantén unha cifra superior ás cinco mil visitas anuais, sitio dixital que se enriquece periodicamente con novos contidos e especial intensidade a súa sala de prensa. Ao mesmo tempo, o vindeiro luns, ás cinco da tarde na sé da Vicerreitoría de Estudantes, o seu padroado celebrará unha xuntanza para aprobar as contas do 2013 e ponderar as previsións presupostarias para o ano en curso. Tamén se esbozará a programación de actividades con motivo do centenario da novela homónima de Alejandro Pérez Lugín, que se celebrará en 2015. As ideas que se barallan son una exposición sobre a cidade de Santiago na literatura e un encontro troiano de *cuarentunas*.

O museo Casa da Troia recrea a pensión de estudantes e a vida universitaria de Santiago a finais do século XIX que inmortalizou Alejandro Pérez Lugín na súa novela "La Casa de la Troya". Nela aloxábase o personaxe principal, Gerardo Roquer, e os seus compañeiros de estudos. Está xestionado pola Asociación de Antigos Tunos Composteláns, que se constituíu en 1979 co propósito de "crear e conservar un Museo Troiano no que se recrease o ambiente estudantil compostelá, fomentar as tradicións universitarias, ademais de colaborar na promoción e realización de actos culturais na cidade" -tal como sinala o seu presidente, Benigno Amor Barreiro-.

Dende 1886 ata 1906 a Casa da Troia funcionou como hospedaría de estudantes. En anos sucesivos viviron nela varias familias, ata a década de 1960, momento no que se pecha debido ao seu estado de deterioración. O 24 de marzo de 1966, no programa de radio da Cadena Ser "Ustedes son formidables" lograronse reunir 500.000 pesetas para adquirir a vella hospedaría e rehabilitala. O Concello de Santiago adquire a casa pero a súa rehabilitación non se materializa ata principios dos anos noventa. Baleirouse para tratar de reproducir o ambiente e a distribución dos pisos, acorde coa época na que transcorre a novela. E en 1993 abre as súas portas como museo, grazas ao esforzo do mecenas Benigno Amor Rodríguez.